

Que vinte anos non son nada... ou si

A temporada de 2003-2004 marca tres celebracións importantes para o Teatro Galego Contemporáneo: foi en

1973 cando, desde Ribadavia, a Agrupación Cultural "Abrente", poñía as primeiras pedras da profesionalización do noso Teatro. Foi en 1978, en Santiago de Compostela cando a compañía Antroido, baixo a dirección de Eduardo Alonso, levaba á escena "Laudamuco, señor de Ningures" de Roberto Vidal Bolaño, e outra compañía, Troula, quen poñía en pé "O velorio" de Francisco Taxes, baixo a dirección de Antonio F. Simón. E foi en 1984 cando, tamén en Santiago de Compostela, o 27 de marzo, Día Mundial do Teatro, se dá conta da aparición do Centro Dramático Galego, dependente, entón, da Dirección Xeral de Cultura, que dirixía Luís Álvarez Pousa, e que cinco meses despois, o 23 de agosto, estreará a súa primeira produción, "Woyzeck" de Georg Büchner no Teatro Rosalía de Castro da Coruña.

Seguindo a máxima de que os anos non pasan de balde así sucedeu tamén nos últimos trinta anos para o Teatro en Galicia. Este ía sufrir un cambio radical desde o punto de vista do sector privado que, como queda dito, inicia o seu camiño no 78, pero tamén no sector público, aparecendo en 1984 a primeira, e única ata o momento, compañía profesional pública. O CDG nacía como unha unidade de produción teatral dependente da Consellería de Cultura, que tentaría recuperar a literatura dramática galega levando á escena autores e textos esquecidos. O obxectivo era recuperar a nosa memoria histórica, defender e potenciar o teatro escrito e representado no noso idioma e, ó mesmo tempo, converterse no motor da produción teatral galega.

Foi designado para iniciar e dirixir o proxecto o director de escena Eduardo Alonso, que regresara de Madrid despois da súa experiencia no Teatro Independente na década dos 70. Xa levaba en Galicia uns anos cando se embarca no desafío de armar este proxecto técnica e artisticamente e promover un equipo de traballo conforme as necesidades iniciais da compañía institucional, marcando tres liñas concretas de produción: a recuperación de textos da historia da literatura dramática galega, a revisión de autores clásicos e a incorporación de autores galegos novos. Ademais, apostou pola coprodución de espectáculos con compañías privadas que naqueles momentos carecían das axudas e subvencións que existen na actualidade. E así se fixo.

Neste período de vinte meses, o CDG, dirixido por E. Alonso e o seu equipo, realizou cinco producións, pero tamén promoveu a coprodución con compañías privadas das que se beneficiarían Titirití ("Festa rachada"), a Luís Seoane ("Fausto" e "A larva furiosa") Troula ("Informe"), Caritel ("Ollo ó piollo King-Kong") Teatro de Catro Artes ("Ubúe no outeiro"), e Artello ("Gulliver F.M.").

As producións foron cinco, abríndose a traxectoria do CDG cunha primeira controversia ó escoller unha peza dun autor alemán (a pesar de ser un texto fundamental na historia do teatro universal), "Woyzeck" de Büchner, solución rápida e urxente ante a imposibilidade de representar, como se pretendía nun primeiro momento, "Divinas palabras" de Valle-Inclán, debido á negativa dos seus herdeiros a traducir a obra ao galego. Ademais, escolléronse dous textos de autores galegos vivos "Agasallo de sombras" de Roberto Vidal Bolaño e "Caderno de Bitácora" de Francisco Taxes, e dous da historia da literatura galega "Os vellos non deben de namorarse" de Castelao e "Follas Novas" de Rosalía de Castro, dirixindo respectivamente Xulio Lago, Roberto Vidal Bolaño, Antonio F. Simón, Eduardo Alonso e Dorotea Bárcena. Curiosamente cinco directores que, coa excepción do tristemente falecido Vidal Bolaño, continúan a ser referencia do teatro galego actual.

A pesares de non contar o CDG cunha sede para as súas representacións, as cinco producións tiveron unha media de 28 funcións e máis de 200 personas asistiron a cada unha delas. Por outro lado, o equipo de E. Alonso quixo defender unha descentralización na súa exhibición e distribución, incluso

nas estreas, e a iso respondeu que nestas dúas primeiras temporadas estas se fixesen no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, no Teatro García Barbón de Vigo e no Teatro Principal de Santiago.

E. Alonso deixou a dirección do CDG por decisión propia despois destas dúas temporadas pois a súa idea no ano 84 era tan só a de poñer o CDG en funcionamento, encargándolle a propia Consellería a elaboración da Lei do IGAEM, Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais, ideado por el como unha empresa pública, aprobado posteriormente como organismo autónomo dependente da Consellería de Cultura.

Inmediatamente despois, E. Chao outro histórico do teatro independente en Galicia, unha das persoas que desde Ribadavia impulsaron a estabilidade do teatro galego profesional, tomou o relevo de E. Alonso. Por primeira vez se propoñía a un actor, e non un director de escena, para xestionar un organismo como o CDG. Dúas foron as temporadas do equipo de Chao na compañía institucional, nas que se producen novamente cinco espectáculos, aínda que diminúe o número de coproducións, (con Moucho Clerc, "Da Vinci levaba razón" e con Kukas "Don Gaiferos"). As producións céntranse no teatro universal: Molière e o seu "Enfermo imaxinario", Goldoni e "A Pousadeira" e "As tres irmás" de Chejov, un histórico galego como Álvaro Cunqueiro "A noite vai coma un río" e un novo autor galego, Xosé Cermeño, coa súa innovadora "Almas Perdidas". Un alento novo para un novo teatro. Polas direccións pasan os directores Eduardo Alonso, Xulio Lago, Xan Cejudo, Xosé Manuel Rabón e Santiago Montenegro.

Sen dúbida "O enfermo imaxinario" marca un antes e un despois nas producións galegas e en 36 representacións alcanza máis de 18.000 espectadores cunha media que supera as 500 persoas por función. Na época de Chao as producións do CDG acadaron máis de 350 espectadores de media facéndose un grande esforzo por ampliar a distribución, acadando "Almas perdidas" 41 funcións.

Parecía, pois, que o proxecto iniciado catro anos antes por Eduardo Alonso se consolidaba, tanto na profesionalización da súa estrutura interna como na diversidade de propostas e de profesionais do teatro que traballan en cada unha dos espectáculos (en dez producións, máis de trinta actores diferentes, oito directores e dez autores).

Os sucesos políticos acontecidos na nosa comunidade autónoma en 1988 e o cambio de goberno na Xunta de Galicia reflíctense tamén no mundo do teatro e un novo director aparece na quinta temporada do CDG: o director de escena Eduardo Puceiro. Sen marcar na práctica liñas de traballo concretas mantense no cargo un ano sen exercer a súa dirección por motivos persoais, facéndose co temón da compañía, como directora en funcións, unha das grandes damas da escena galega: Dorotea Bárcena. Ten que sacar adiante dúas producións: "Espectros" de Otero Pedrayo baixo a dirección de Manuel Lourenzo e "O mozo que chegou de lonxe" de J.M Synge, invitando, por primeira vez, a un director de fóra de Galicia, Mario Gas. Obviamente, ante esta situación de desestabilización do CDG, os resultados non son bos "Espectros" non chega ás 20 funcións e é incapaz de acadar cen espectadores de media. A pesares do malestar xurdido entre os profesionais galegos pola designación dun director non galego para a produción "O mozo que chegou de lonxe", Mario Gas e a súa proposta convencen e chegan a facer 49 funcións, cunha media de 360 espectadores, sendo a primeira vez que o Centro Dramático Galego cruza as fronteiras de Galicia para actuar en Barcelona.

Ante a situación de inestabilidade interna e de dirección, a Consellería de Cultura dirixida por Alfredo Conde decide nomear a un novo director, Damián Villalaín, crítico e estudoso do teatro, contratao como xestor, pero cun sólido coñecemento do mundo teatral. A perspectiva da profesionalización da xestión aparece neste ano no noso teatro, imitándose así modelos existentes xa noutras comunidades e camiñando cara á tan desexada estabilidade.

Estréase Villalaín coa produción "O arce do xardín" obra do, por entón, novísimo autor teatral, Roberto Salgueiro, gañadora do premio Álvaro Cunqueiro. A súa aposta de renovación non queda en propoñer a montaxe dun texto dun novo autor, senón que confía na xuventude, creatividade e irreverencia do colectivo Chévere, ao que lle propón a montaxe de "Salomé" de Oscar Wilde. Non por iso abandona a necesaria e continua revisión dos clásicos universais, encargándolle a Eduardo Alonso a montaxe de "As alegres casadas" de W. Shakespeare. A aposta pola renovación, en canto á dramaturxia, dirección e traballo actoral era total, sen esquecer nin renunciar de ningunha das maneiras aos clásicos universais nin ás xentes do teatro que iniciaran o percorrido da profesionalización no 78. Os resultados de público que acada esta temporada son semellantes ás catro primeiras, cunha media de 250 espectadores e de 26 funcións por produción.

Algúns dos problemas iniciais suscitados por Eduardo Alonso no 84, como a necesidade dunha sede de exhibición do CDG, a aparición dun organismo autónomo ou empresa pública que posibilitase a liberdade de movementos ó propio CDG, ou a necesidade dunha consolidada Rede de Teatros de Galicia segúan sen solucionarse. Estruturalmente o CDG estaba asentado: internamente o funcionamento, coa recuperación do Consello Asesor (establecido desde o principio por E. Alonso) era o correcto, pero a situación do sector teatral en Galicia, a súa necesaria reordenación escénica, seguía sen estabilizarse, algo que, en calquera momento, podería influír negativamente no propio Centro Dramático Galego.

Pero un novo cambio político nas eleccións da galegas de 1990 desestabiliza o proxecto de Villalaín, que dura tan só unha temporada.

A situación de fragilidade vólvese poñer de manifesto e durante un ano non se fai ningunha estrea ata que, en outubro de 1990, o CDG volve aparecer nas carteleiras galegas con "Yerma" de García Lorca, baixo a adaptación de Fernán-Vello e a dirección do ourensán Blanco Gil, que asume a dirección artística do espectáculo e tamén a do propio CDG. Sería esta montaxe a primeira dun autor español do século XX (e a única ata hoxe en día), e é un éxito de público, acadando máis de 16.000 espectadores en 33 funcións.

O ano 91 ábrese con "A casa dos afogados", do autor contemporáneo Miguel Anxo Fernán-Vello, e un clásico do século XX: "Así é (se vos parece)" de Luigi Pirandello. Dous espectáculos que, a pesar de manter o ritmo de exhibición e de espectadores de anteriores temporadas, supuxeron unha desestruturación interna do Centro Dramático Galego. Sen apenas dirección nin xestión, o CDG sobreviviu polo empeño dos seus traballadores. Pero, adolecendo de dirección, a falta de liderazgo e de proxecto precariza a estruturación inicial.

Nesa situación encárgaselle a un director de escena de fóra de Galicia, o catalán Ricard Salvat, o espectáculo "O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca", de Cunqueiro. Este director, con longa e recoñecida traxectoria, sacou adiante un memorable espectáculo que acadou máis de 10.000 espectadores. A exhibición deste espectáculo xa foi controlada, a pesares de non ter sido programada, por un novo director, nomeado a mediados de 1991: Manuel Guede Oliva, un xove director de escena que viña da experiencia dunha compañía independente con sala propia en Ourense, Caritel, que se formara artisticamente no Institut del Teatre de Barcelona, pero que xa participara activamente, desde o ano 73, no movemento teatral galego e nas primeiras Mostrás de Ribadavia.

Pero, sen lugar a dúbidas, a circunstancia que marcará a estabilidade definitiva do Centro Dramático Galego será a aparición neste 1991 do IGAEM, Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais. A súa creación, por Lei do Parlamento de Galicia, respondía á urxente necesidade do sector de dotarse dun organismo autónomo que permitise unha especialización na administración e na xes-

tión pública, algo necesario ante a cada vez maior profesionalización do sector privado. E así, o 4 de xullo de 1991 convócase a primeira reunión do Consello Reitor do IGAEM, marcándose o inicio do organismo que facilitaría administrativamente o labor do CDG.

Manuel Guede Oliva dará un novo rumbo a un Centro Dramático Galego que, aínda mantendo a bo ritmo as producións e sen deixar de encher teatros, esmorecía lentamente por falta de proxectos sólidos e dun equipo de traballo estable e profesional.

Chégase, aínda que o propio Guede non o podería sospeitar naquel seu periodo inicial, á estabilidade definitiva, polo menos en canto a anos de traballo se refire. Establécense novos proxectos e dinámicas, marcando novedosas liñas de actuación e reencontrando algunhas das que Eduardo Alonso deixara iniciadas no 84, encargándolle a este mesmo a súa primeira produción "Un soño de verán" (a súa cuarta dirección e o seu segundo Shakespeare), proxecto no que ambos traballaron xuntos na tradución e adaptación.

E sen dúbida foi o mellor comezo para un novo proxecto, pois "Un soño de verán" converteuse nunha referencia na historia das representacións teatrais en Galicia, xa que se chegou ás 50 representacións e a máis de 22.000 espectadores, facéndose unha inesquecible xira de verán por pequenas poboacións galegas con cascos históricos como Celanova, Cambados, Ribadavia, Noia, Monforte de Lemos e Betanzos. O Centro Dramático Galego convertíase así nunha referencia cultural e tamén se implantaba de cheo na sociedade galega. Un despregue de medios enorme fixo que esta primeira produción de Guede se convertese nun éxito sen precedentes e Alonso logrou crear un espectáculo no que fusionaba o teatro coa danza e a maxia. Unha das mellores producións, sen dúbida, da historia do CDG.

Afondando na idea de instalarse definitivamente na sociedade galega como un referente cultural, a seguinte produción ideada por Guede para o CDG foi "A Lagarada" de Otero Pedrayo, dirixida polo catalán Pere Planella. Converteuse noutro fenómeno social, xa que se trasladaron as funcións ao Pazo de Trasalba, na provincia de Ourense, propoñendo, por primeira vez o CDG un espectáculo nun espazo escénico non convencional, ao aire libre, e utilizando os xardíns e o propio Pazo de Trasalba para a representación. A resposta de público foi extraordinaria, mobilizándose autobuses desde todos os puntos de Galicia para ver a obra.

No proxecto de M. Guede márcanse unhas liñas de actuación moi claras: a recuperación de textos da literatura dramática galega, a incorporación das novas dramaturxias galegas, a revisión dos clásicos universais e a incorporación paulatina de creadores europeos contemporáneos, unha liña non abordada ate aquel momento.

Os textos galegos recuperados foron os de Rafael Dieste, "A fiestra valdeira", no 94, dirixido por Xulio Lago e "Viaxe e fin de Don Frontán" por Antonio Simón no 95 (outra vez unha montaxe ó aire libre nun espazo non escénico: o cemiterio de Bonaval). De Blanco Amor, "Un refaixo para Celestina" no 93, dirixido por Antonio Simón; de Cabanillas e Villar Ponte, "O Mariscal" no 94, (primeiro espectáculo de títeres feito polo CDG, dirixido por Marcelino de Santiago "Kukas") e que chegou a ser representado no Festival Internacional de Títeres de Bilbao. De Cotarelo Valledor "Hostia", dirixido por Manuel Lourenzo no 96; de Vicente Risco "O bufón de El Rei", no 97 dirixido polo propio M. Guede, outra vez Castelao e "Os vellos non deben de namorarse", no 2000 por Manuel Areoso. De Cunqueiro "Si o vello Sinbad volvese ás illas", no 99 por Fabio Mangolini, (primeiro director estranxeiro que dirixía unha produción no CDG); de Cortezón "Xelmírez, ou a gloria de Compostela" no 2000 e de Otero Pedrayo "Rosalía" no 2001, dirixidas ambas por Roberto Vidal Bolaño.

Pero non esqueceu o equipo directivo ós autores galegos actuais, e proba diso foron as montaxes de dúas obras de Roberto Vidal Bolaño: "Mar revolto", no 2001, dirixido polo portugués José Martins e "A burla do galo", no 2000, dirixido por Xoán Cejudo. E a aposta pola renovación da nova dramaturxia galega con "O peregrino errante que cansou o demo" de Xavier Lama, a versión do propio Lama con Quico Cadaval de "Memoria de Antígona", sobre o texto de Sófocles, ou Raúl Dans con "Lugar".

E houbo espazo tamén para os clásicos universais: "Leoncio e Helena" de Büchner, no 93, dirixido por Ánxeles Cuña, que abría a nómina de novos directores que se formaron e empezaron a traballar de maneira profesional a mediados e finais da década dos 80; "Lisístrata, ou de cando as mulleres reviraron" de Aristófanes no 97, dirixida por Eduardo Alonso; e "A comedia do Gurgullo" de Plauto no 2003, dirixida por Celso Parada.

Pero, sen lugar a dúbidas, onde máis incidiu o proxecto de M. Guede foi en apostar, (ante a nova e consolidada situación de estabilidade do proxecto), pola presentación diante da sociedade galega de autores coñecidos e recoñecidos da contemporaneidade europea. E de feito a estrea de Guede, no ano 1993, como director de escena no CDG deixaba entrever esta nova tendencia xa que escolleu "Historia do soldado", con música de Stravinsky e libreto do suízo Ramuz, e que conseguiu o maior número de funcións de todas as producións realizadas: 58. Despois viría o austríaco Schnitzler e a obra "A cacatúa verde", dirixida en 2001 por E. Alonso; o noruegués Henrik Ibsen e "Os espectros", dirixido no 2002 polo portugués Rui Madeira, o francés Albert Camus e a súa prodixiosa obra, "Calígula" no 2000, e o suízo Friedrich Durrenmatt con "O Colaborador", no 2002, dirixidas ambas por M. Guede, e o francés Jean Luc-Lagarce e "Eu estaba na casa e agardaba que viñese a chuva" dirixida no 99 por José Martins.

Facendo unha rápida lectura do proxecto de Centro Dramático Galego de Manuel Guede Oliva, nos primeiros anos a aposta foi clara pola recuperación da dramaturxia galega do século XX para centrarse nas últimas catro temporadas en abordar e poñer en escena textos da dramaturxia europea contemporánea.

Mención aparte merecen tres proxectos que pretenderon ser, nas súas concepcións iniciais, homenaxes ao teatro galego, pero que por diferentes causas tan só un deles conseguiu unir a toda a profesión teatral: "Daquel Abrente" montado e dirixido por Antonio Simón no 2003 que poñía en escena, como recoñecemento ó nacemento do teatro galego profesional, vinte e cinco anos antes: "Laudamuco" de Roberto Vidal Bolaño e "O velorio" de Francisco Taxes, que, tristemente, se nos foron pouco antes desta merecida homenaxe.

As outras dúas producións que provocaron unha forte división entre os profesionais da escena, na historia do Centro Dramático Galego, foron, en primeiro lugar, o "Valle-Inclán 98", que abarcaba catro pezas de Valle-Inclán, o maior xenio da literatura dramática do noso país: "Las galas del difunto" dirixido José Martins, "La cabeza del Bautista" pola vasca Helena Pimenta, "El embrujado" por Eduardo Alonso e "Ligazón", por Manuel Guede Oliva. Foi un proxecto que abriu unha fenda entre a profesión teatral galega pola cuestión idiomática, por ser a primeira vez que o Centro Dramático Galego abordaba unha produción en castelán. E esta fenda abriuse un pouco máis cando o Centro Dramático Nacional coproduciu co CDG a obra de Castelao "Los viejos no deben enamorarse". Esta circunstancia excepcional non foi entendida como un éxito para a escena galega, cando un texto galego era abordado, por primeira vez na historia, pola compañía institucional de máis prestixio de España.

Convén subliñar nesta última etapa da dirección de M. Guede os lazos tendidos co teatro portugués, axilizándose as coproducións e os intercambios de direccións e de actores co Teatro do Noroeste de Viana do Castelo e coa Compañía de Teatro de Braga, ao igual que a, cada vez máis estable, presenza do CDG nos teatros de Braga, Viana, Porto, Coimbra ou Almada.

É preciso lembrar que para o CDG se abre en 1999 unha nova época, xa que neste ano a Xunta de Galicia se fai coa propiedade do Salón Teatro de Santiago e a compañía institucional pode estabilizar a súa programación, facendo temporada en Santiago de Compostela, consolidando os espectáculos nesta "sede", para saír posteriormente de xira por toda Galicia.

Pero non todo foron espectáculos e producións como aquí se enumeran. Nelas non só existe a figura do director e o texto dun autor senón que hai un traballo de multitude de persoas: actores, escenógrafos, iluminadores, figurinistas, maquilladores, tremoias, produtores, persoal administrativo, empresas que aportan os seus coñecementos ás montaxes e todo un equipo de profesionais que forman a estrutura do CDG e que, produción tras produción, traballan para que os espectadores e a sociedade galega en xeral disfruten do Teatro. Son moitos para nomealos a todos e posiblemente cometeríamos o erro de esquecernos dalgún deles. Son, principalmente, os protagonistas de vinte anos de historia e de casi sesenta producións.

E tamén son protagonistas os espectadores que durante vinte anos tiveron ocasión de xulgar os espectáculos, aplaudindo nunhas ocasións e discrepando noutras. Uns espectadores que case chegan ao medio millón en toda Galicia e en España, pois foron varias as producións que fixeron xira fóra de Galicia ou incluso temporada en Madrid ou Barcelona ("Valle- Inclán 98" ou "O mozo que chegou de lonxe"). O CDG estivo en case que toda Galicia, desde as sete grandes cidades a poboacións máis pequenas como Vilalba, Narón, Vilagarcía, Cambados, Tui, Ribadeo, O Barco, Cangas, Carballo, A Estrada, Monforte, Noia, Ribadavia, Celanova... Todos estes espazos escénicos forman parte, tamén, da historia do CDG igual que ese case medio millón de espectadores que nalgún momento entraron nun teatro para ver unha función da compañía institucional de Galicia.

O Centro Dramático Galego segue o seu paso no obxectivo da consolidación do teatro galego, cumprindo co seu papel de motor, o motor dos profesionais de Galicia. E debe seguir mirando cara o exterior, coa intención de chegar a acordos de colaboración coas outras compañías institucionais de España e de Portugal.

Vinte anos non son nada como podería parecer. Pero o evidente, neste balance urxente, é que foron útiles. De case non existir, unha profesionalización nos sistemas de traballo, o CDG logrou facer e establecer un método de traballo profesional, unhas producións que poden competir en calidade e resultados de público co resto dos Centros Dramáticos de España e converteuse no inevitable motor do teatro galego. Hai moito desvelo nestes vinte anos e é moito o traballo desenvolvido, pero o Centro Dramático Galego aínda é unha institución que debe medrar, que ten que consolidarse e que ten que ser o orgullo de todos os profesionais de Galicia. Así debería ser, e a actual dirección debe seguir poñendo todo o necesario para logralo, limando asperezas e enfrontamentos. Como bo exercicio de responsabilidade así ten que ser. Vinte anos son anos, pero, como na vida de cada un de nós, resultan tan só a infancia e a xuventude, etapas básicas na formación de calquera ser humano, anos onde teñen que afiuzarse personalidade e principios. E estes vinte anos son o inicio dunha aventura necesaria para o mundo do teatro galego, que, cos seus acertos e os seus erros, debe existir, medrar, e, sobre todo, vivir acompañando a nosa existencia como galegos. Que así sexa.

Longa vida e que a función continúe.

VÍCTOR LÓPEZ CARBAJALES
Coordinador de actividades
educativas e culturais

ISBN: 84-453-3871-4

